



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE ABRIL DO 2022

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e cinco de marzo do dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández e D. Roberto Eireos Saez .

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias.

Non asistentes os concelleiros D^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Manuel Mougán Sobredo, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

ORDE DO DÍA:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 28 DE MARZO DO 2022.

Sométese a votación a acta do pleno de 28 de marzo do 2022, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 23.03.2022 a 18.04.2022.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23.03.2022 e o 18.04.2022.

PARTE RESOLUTIVA



3º.-APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACEPTACIÓN DA CESIÓN GRATUITA DA TITULARIDADE A FAVOR DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE PARCELAS CATASTRAIS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e dúas abstencións da concelleira do Grupo Municipal Popular D^a Katherinie Varela e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Examinado a informe do Secretario Xeral, de tata 12 de abril de 2022, do tenor literal seguinte:

INFORME DA SECRETARÍA XERAL

ASUNTO: ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE PARCELAS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Antecedentes

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, con data 29 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o acordo cuxa parte dispositiva dispón:

PRIMEIRO. Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade a favor do Concello de Monforte de Lemos das seguintes parcelas catastrais:

Polígono/parcela	Referencia catastral
<i>Polígono 4 parcela 184</i>	<i>27031B004001840000MY</i>
<i>Polígono 4 parcela 185</i>	<i>27031B004001850000MG</i>
<i>Polígono 4 parcela 186</i>	<i>27031B004001860000MQ</i>
<i>Polígono 4 parcela 187</i>	<i>27031B004001870000MP</i>
<i>Polígono 4 parcela 188</i>	<i>27031B004001880000ML</i>
<i>Polígono 4 parcela 189</i>	<i>27031B004001890000MT</i>



<i>Polígono 4 parcela 190</i>	<i>27031B004001900000MP</i>
<i>Polígono 4 parcela 191</i>	<i>27031B004001910000ML</i>
<i>Polígono 4 parcela 192</i>	<i>27031B004001920000MT</i>
<i>Polígono 4 parcela 193</i>	<i>27031B004001930000MF</i>
<i>Polígono 4 parcela 194</i>	<i>27031B004001940000MM</i>
<i>Polígono 4 parcela 198</i>	<i>27031B004001980000MD</i>
<i>Polígono 4 parcela 200</i>	<i>27031B004002000000MX</i>
<i>Polígono 4 parcela 202</i>	<i>27031B004002020000MJ</i>
<i>Polígono 4 parcela 203</i>	<i>27031B004002030000ME</i>

Este acordo entenderase elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións.

SEGUNDO. Vincular a presente cesión á implantación dun polígono industrial no concello solicitante, tendo en conta que os fins para os que se outorga a cesión deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

TERCEIRO. Remitir este acordo ao Concello de Monforte de Lemos para súa aceptación.

CUARTO. Formalizar a presente transmisión de titularidade mediante escritura pública suscrita entre as administracións interesadas”.

2º.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 11 de abril de 2022, tomou razón do escrito da Deputación de Lugo no que se da traslado do acordo do Pleno da Deputación provincial de data 29.03.22, sinalado no apartado anterior e, unha vez analizado o mesmo, á vista do disposto no artigo 70.14 do Real Decreto 2578/1986 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais acordou,



por unanimidade, elevar ao Pleno proposta de aceptación da cesión realizada que supón a adquisición, a título gratuito de ditas pareclas catastrais.

Lexislación de aplicación

1º.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

2º.- Lei 33/2002, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas

3º.- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.

4º.- Real Decreto 2578/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

PRIMEIRA.- O Artigo 79 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réximen local, dispón:

El patrimonio de las entidades locales está constituido por el conjunto de bienes, derechos y acciones que les pertenezcan.

SEGUNDA.- O Artigo 15 da Lei 33/2002, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, dispón:

Modos de adquirir.

Las Administraciones públicas podrán adquirir bienes y derechos por cualquiera de los modos previstos en el ordenamiento jurídico y, en particular, por los siguientes:

- a) Por atribución de la ley.*
- b) A título oneroso, con ejercicio o no de la potestad de expropiación.*
- c) Por herencia, legado o donación.*
- d) Por prescripción.*
- e) Por ocupación.*



TERCEIRA.- O Artigo 145 da Lei 33/2002, do 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas, dispón:

Concepto de cesión gratuita.

1. Los bienes y derechos patrimoniales de la Administración General del Estado cuya afectación o explotación no se juzgue previsible podrán ser cedidos gratuitamente, para la realización de fines de utilidad pública o interés social de su competencia, a comunidades autónomas, entidades locales, fundaciones públicas o asociaciones declaradas de utilidad pública.

CUARTA.- O Artigo 9 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, dispón que:

Las Entidades locales tendrán capacidad jurídica plena para adquirir y poseer bienes de todas las clases y ejercitar las acciones y recursos procedentes en defensa de su patrimonio.

QUINTA.- O Artigo 12 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, dispón:

- 1. La adquisición de bienes a título gratuito no estará sujeta a restricción alguna.*
- 2. No obstante, si la adquisición llevare aneja alguna condición o modalidad onerosa, solo podrán aceptarse los bienes previo expediente en el que se acredite que el valor del gravamen impuesto no excede del valor de lo que se adquiere.*
- 3. La aceptación de herencias se entenderá a beneficio de inventario.*

SEXTA.- O Artigo 50 do Real Decreto 2578/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dispón:

Corresponden al Pleno, una vez constituido conforme a lo dispuesto en la legislación electoral, las siguientes atribuciones: 14. La adquisición de bienes y la transacción sobre los mismos, así como su enajenación o cualquier otro acto de disposición incluyendo la cesión gratuita a otras Administraciones o Instituciones Públicas y a instituciones privadas de interés público sin ánimo de lucro.

Polo anteriormente exposto, e non incorporando á cesión da Deputación Provincial de Lugo, modalidade onerosa algunha, informase favorablemente a adquisición dos bens obxeto do expediente polo concello de Monforte de Lemos”.


PROPOÑO que polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos se adopte o seguinte acordo:



Aceptar a cesión gratuíta da titularidade a favor do Concello de Monforte de Lemos, por parte da Deputación Provincial de Lugo, das seguintes parcelas catastrais:

<i>Polígono/parcela</i>	<i>Referencia catastral</i>
<i>Polígono 4 parcela 184</i>	<i>27031B004001840000MY</i>
<i>Polígono 4 parcela 185</i>	<i>27031B004001850000MG</i>
<i>Polígono 4 parcela 186</i>	<i>27031B004001860000MQ</i>
<i>Polígono 4 parcela 187</i>	<i>27031B004001870000MP</i>
<i>Polígono 4 parcela 188</i>	<i>27031B004001880000ML</i>
<i>Polígono 4 parcela 189</i>	<i>27031B004001890000MT</i>
<i>Polígono 4 parcela 190</i>	<i>27031B004001900000MP</i>
<i>Polígono 4 parcela 191</i>	<i>27031B004001910000ML</i>
<i>Polígono 4 parcela 192</i>	<i>27031B004001920000MT</i>
<i>Polígono 4 parcela 193</i>	<i>27031B004001930000MF</i>
<i>Polígono 4 parcela 194</i>	<i>27031B004001940000MM</i>
<i>Polígono 4 parcela 198</i>	<i>27031B004001980000MD</i>
<i>Polígono 4 parcela 200</i>	<i>27031B004002000000MX</i>
<i>Polígono 4 parcela 202</i>	<i>27031B004002020000MJ</i>
<i>Polígono 4 parcela 203</i>	<i>27031B004002030000ME</i>

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:



Intervén o Sr. Alcalde manifestando que como xa fixo na Comisión isto consiste en que fai xa anos, polo ano 2008 ou 2009 a Deputación e Lugo adquiriu unhas parcelas que ían destinadas a unha empresa coa que había asinado un convenio, depositando a empresa 50.000 euros de fianza, a empresa chámase Pacadar, o compromiso da deputación era recalificar os terreos para venderllo a esa empresa polo custe de 12€/m². Cando se comenzou a tramitar o plan parcial para recalificar eses terreos daquelas Suplusa dirixiouse ao Concello para que lle certificara que eses terreos dispoñían dos servizos pertinentes para poder reclasificados, eses servizos son luz, auga e saneamento. O Concello contestou a suplusa onde se dicía que non se podían tratar as augas residuais posto que a depuradora non tiña capacidade para elo. O caso foi que iso paralizou a recalificación dos terreos. Di que el dixo máis dunha vez que unha vez que o polígono afortunadamente tira para arriba, nos últimos tres anos vendéronse máis parcelas que nos últimos 40 anos, agora quedan tres sen escriturar, pero unha delas está “reservada” e págase un canon por esa reserva, co que quedan dúas soamente para ser vendidas con posterioridade. Ante esta situación o Concello toma situación de facer tres cousas, unha tratar de poñer baixo a tutela do Concello aquelas parcelas se venderon como concurso no ano 2007 e non se executaron os proxectos empresariais, polo tanto para poder poñelas a disposición de varias demandas empresariais, o único que se vai facer o que se dicía no concurso e cando iso estea acabado quitarase a concurso pareca que esas parcelas podan ser adquiridas por calquera persoa. Por outra banda, se solicitou que se ampliara pola parte sur o polígono, está estudiando esa posibilidade, o que sabe é que estivo o seu presidente do SEPES, e pola parte norte é onde este solo que pertence á Deputación, pois o Concello por acordo da Xunta de Goberno decidiuse solicitar a cesión gratuita desas parcelas e o pleno da deputación aceptou nesa solicitude, e aprobou esa cesión gratuita de 11 hectáreas de terreo, e polo tanto unha vez que estean escrituradas as parcelas haberá que inscribilas notarialmente, e feito todo o procedemento contratárase un plan parcial para reclasificar eses terreos. Eses terreos non fai falla urbanizalos, xa que todos eles ou ben a vía da entrada, ou ben dan a nova rúa que se abriu dende a gasoleira ata o punto limpo industria. Para o Concello é unha moi boa operación e que dentro dun par de anos poidamos ter esas hectáreas máis para ter a disposición no tecido empresarial que se queira instalar no polígono.

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias di que van apoiar esta iniciativa porque saben das necesidades que pode haber agora en un futuro. Di que cando el concretamente no mes de setembro trouxo a esta cámara un rogo onde se pedía ao Concello que se recuperasen as parcelas que foron concedidas mediante un convenio, vostede contestou si quería montar unha empresa que o fixera. Polo tanto isto ven a darlle a razón porque había xente interesada en aquelas parcelas en dimensións eran máis axeitadas que aquelas que podía haber no polígono. Isto ven dar a razón que hai esa necesidade que é sinal que as empresas se interesan polo polígono de Monforte.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles van votar afirmativamente porque cren que é moi bo para Monforte que haxa máis solo industrial.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que eles consideran que esta proposta é positiva para a cidade, aproveitan ademáis a intervención do alcalde onde explicou con bastante claridade, comproba que na documentación que se lles enviou fala das referencias catastrais, di que nunha parcela aparece polígono 4 parcela 192 non aparece a



titularidade da Deputación. Entende que cando se escripture xa se cambiará. Incide na necesidade do Plan Xeral.

Intervén o Sr. Alcalde di que no 2007 foi un concurso. Hai dúas parcelas que se poden comprar en setembro había algunha máis, pode vostede comprar D. Emilio sen problema ningún.

En relación coas empresas que se interesan polo polígono é unha sorte, di que a el o criticaron cando ía a visitar empresas para promocionar o Polígono, cando dentro de pouco se poda anunciar un proxecto importantísimo. Polo tanto polígono promocionouse moito, foi un conxunto de cousas, o que si é certo que antes non se facía, todo isto que se está facendo xa é unha promoción. Di que cando dentro dun tempo se asine o convenio para a depuradora xa é unha promoción, todo iso é promoción do polígono, aquilo que non se coñece non existe, se se da a coñecer é unha boa promoción. Dicirlle a D^a Katherinie Varela dille que pode ser que haxa un pequeno erro que se depurará, hai unha parcela que xa era municipal, era destes restos cando se fixo a concentración parcelaria.

Intervén D. Emilio José Sánchez quere pensar que estas parcelas serán de xestión directa, que non pasen a formar parte do SEA e si que ten razón na promoción.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as parcelas son propias do Concello, as xestionará o Concello.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE MONFORTE DE 26.04.2021 SOBRE CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN FOGGIA VAZQUEZ.

O ditame é favorable á proposta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e unha abstención da concelleira do Grupo Municipal Popular D^a Katherinie Varela, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Examinado a informe do Secretario Xeral, de data 12 de abril de 2022, do tenor literal seguinte:

“INFORME DE SECRETARÍA XERAL

ASUNTO: CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN FOGGIA VAZQUEZ

I.- Mediante testamento outorgado ante o Notario de Madrid, don Francisco José de Lucas e Cadenas, con data 3 de xuño de 2008, co número de protocolo 1321, dona María Lucrecia Lilia Foggia Vázquez, institúe herdeira universal de todos os seus bens a unha Fundación que creará o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade



da posta en funcionamento dun Centro de día para anciáns moi necesitados, sen recursos económicos, sen familia e sen saúde.

II.- No propio testamento a Sra. Foggia designou albaceas testamentarios a seis persoas pero, segundo consta na documentación que obra no expediente, ou ben renunciaron aos seus cargos ou ben constan falecido, polo que na actualidade só un dos albaceas designados estaría en posición de exercer o cargo, don Francisco Cela.

III. Dona María Lucrecia Lilia Foggia Vázquez, faleceu con data 26 de xullo de 2016.

IV.- Pese ao tempo transcorrido dende o falecemento, máis de cinco anos, o designado como albacea non fixo actuación ningunha, nin para cumprir os mandatos testamentarios da Sra. Foggia, nin para aceptar o cargo, para o que soamente requiríase a achega das renunciacións e certificados de falecemento do resto dos albaceas.

V.- Previamente a celebración da sesión Plenaria, na que foron aprobados os Estatutos, na Sala de Xuntas do Concello de Monforte de Lemos, con data 20 de abril de 2021, mantívose unha primeira reunión, na que estivo presente o designado albacea e seu avogado e na que, en representación municipal, acudiron a 1ª Tenente de Alcalde do Concello e o Secretario Xeral. Nesa xuntanza o designado albacea manifestou ter coñecemento do contido dos Estatutos, “porque llos facilitou un partido político que non é o seu”. Non obstante, nese acto, entregáronselle formalmente unha copia do, nese momento, proxecto estatutario, á vez que se lle fixeron todas cantas aclaracións e informacións considerou convinte. Dita reunión mantívose co designado albacea a pesar de que, como se ten dito, nesa data non tiña aceptado o seu cargo.

VI. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos aprobou os Estatutos da Fundación, con data 26 de abril de 2021, sendo este acto administrativo, firme ao non terse interposto recurso algún contra o mesmo, sendo en consecuencia, eficaz a todos os efectos.

VII.- A pesar de dita aprobación o designado albacea continuou sen realizar as actuacións precisas para a aceptación do cargo polo que, ante tal inactividade foi o propio Concello de Monforte o que se veu na obriga, para cumprir coa vontade da testadora, de xestionar a documentación precisa, para a aceptación, entregándolla, no mes de xullo do ano 2021, ao Notario, don José Ramón Mazaira. O Albacea, segundo manifestou, por motivos de saúde, non aceptou o cargo ata o día 14 de setembro de 2021, e dicir, mais de cinco anos despois do falecemento da testadora.



Neste punto procede aclarar que a aceptación do cargo por parte do albacea é un requisito imprescindible para poder elevar a escritura pública a constitución da fundación sen a cal non se pode dar cumprimento a vontade da testadora. Por elo, fronte a atribución ao Concello de falta de inactividad, o motivo de que ata a data non se puidese cumprir o mandato testamentario foi, ou ben que o designado albacea tardase como xa se ten dito, mais de cinco anos en aceptalo cargo ou ben que, unha vez aceptado, se negase, sen xustificación xurídica ou fáctica algunha, a subscribir a escritura pública baseándose para elo nas mais variadas xustificacións que, como se razoará, non se axustan a realidade.

VIII.- Neste punto é preciso facer constar que o Concello de Monforte de Lemos estivo incapacitado ata o 14 de setembro de 2021, para facer ningunha actuación de cara o funcionamento da Fundación. Hai que lembrar que unha das obrigas do albacea é precisamente velar polo cumprimento da vontade da testadora, causa que, como é obvio, o albacea incumpriu dende o momento do falecemento.

En concreto para que se poida elevar a escritura pública a constitución da Fundación é preciso que o albacea teña aceptado o cargo xa que é a el a quen lle corresponde o seu otorgamento, como máis adiante se concretará. A súa deixación de funcións, por mais de cinco anos, foi o único impedimento para a Constitución de dita Fundación.

Pero dita deixación de funcións foi moito mais alá da imposibilidade de elevación da escritura pública. En efecto o albacea nin tan sequera cumpriu as obrigas que a propia testadora lle encomendou nas súas últimas vontades, cuxo cumprimento di defender. En efecto, a continuación, faise un análise, pormenorizado das mandas que a Sra. Foggia lle encargou e o seu grao de cumprimento.

Pois ben, de acordo co testamento, o albacea viña obrigado a:

1.- Comunicar ao Concello o seu óbito. O falecemento foi comunicado, polo designado como albacea o día 27 de setembro de 2017, é dicir tardou en comunicar formalmente o falecemento case dous anos.

2.- A renovación da ocupación das prazas de enterramento e o abono de dez anos, por anticipado, en concepto de contribución. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.

3.- Os gastos que se produzan con motivo do seu enterro, así como o seu traslado a Monforte de Lemos, comida e aloxamento das persoas que a acompañen ata a súa última morada, e outros derivados ao efecto, e o abono das anualidades que houbera de satisfacerse ao Concello polos enterramentos, poderán ser obtidos de calquera conta de que a testadora sexa titular en calquera entidade. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.



4.- *Ao ocorrer o falecemento da otorgante, as chaves do seu domicilio de Madrid, entregaranse en calidade de depósito a algún dos albaceas designados por opción entre eles. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.*

5.- *As chaves da casa de Monforte de Lemos que actualmente están en poder de dona Fe Rodríguez Rodríguez, pasarán a estar en poder dos albaceas, quen as poderán conservar ata que se produza a toma de posesión dos bens da otorgante á súa morte por quen resulten herdeiros ou legatarios. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.*

6.- *Os albaceas ocuparanse de facer un seguimento dos trámites e dilixencias para a súa válida e pronta constitución e para que se cumpran estritamente os fins da mesma. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.*

7.- *O PP Escolapios de Monforte de Lemos continuarán dicindo anualmente as Misas encomendadas pola testadora, segundo relación do ano 2003, que obra en poder deles e que deixará en escrito aos albaceas. A devandita relación engadiranse ademais mensualmente, as da data do óbito da testadora, que, por conseguinte, representarán un total de doce misas máis por ano. Si esa data coincidise con algunha das relacionadas non se engadiría e, por tanto, sumarían o trinta e cinco actuais. As Misas abonaranse no mes de novembro de cada ano por anualidades anticipadas. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.*

8.- *Os albaceas inicialmente e unha vez constituída a Fundación, esta mesma, ocuparanse de prover de fondos anualmente ben aos citados PP. Escolapios ou ao Sr. Párroco da nosa Señora da Régoa para este fin. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.*

9.- *Deberá abonarse a Manuela Carmona Vargas "Mary" (a señora que desde hai anos traballou na súa casa) a mensualidade ou parte dela que se lle deba e cuxo importe retirarán do Banco os albaceas que logo se dirá. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.*

10.- *Xoias, respecto das xoias ou alfaias e abrigos de peles, dispón que sexan vendidas polos albaceas e co diñeiro que se obteña hase de comprar unha imaxe da Virxe da Paz que, ou ben se colocará nun Oratorio que se instale na sede da Fundación, ou se entronizará no vestíbulo da mesma como Patroa dela. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.*

11.- *A roupa persoal da testadora (peles, bolsos, etc) excluídos os abrigos así como tamén outros obxectos varios (chales, fulares, carteiras, puntillas, ...) e adornos persoais que non sexan xoias, serán para as persoas que lle sobrevivan das que seguidamente se relacionan, e como recordo; as súas curmás Angelines Vázquez Alvarez, María Luisa Figueroa Pedrosa, María Dores Salazar Benitez e a súa amiga*



Elena Nogueiras Fernández ou as súas fillas, e tamén para Manuela Carmona Vargas, señora que acompañou á testadora durante moitos anos da súa vida. Destes obxectos o que os designados desestimen, será entregado ao Coto do Pai Alegre, sito na estrada de Madrid-Algete, desvío de Fonte do Saz. NON CONSTA O SEU CUMPRIMENTO.

Pero que é mais, non só se incumpriron as mandas testamentarias, e que tampouco foron cumpridas as obrigas mínimas de calquera albacea. En efecto, se descoñece a existencia e, non seu caso, o estado das contas correntes da testadora, non se sabe as entidades financeiras nas que puideran estar abertas, non se teñen aboado os gastos de comunidade das distintas vivendas propiedade da testadora, descoñecese se se teñen aboado os tributos referidos as ditas propiedades, descoñecese se se teñen cobrados os alugeres das propiedades que están arendadas, en fin unha deixación total é absoluta das obrigas mínimas do albaceazgo e ante as que, pese os requerimentos dos axentes da propiedade inmobiliaria, presidentes das comunidades de veciños, traballadores e familiares da testadora, o Concello non podía dar resposta nin facer actuación algunha xa que o requisito previo para que a Fundación poidera poñerse en funcionamento era dar cumprimento a vontade da testadora, mediante a elevación a escritura pública para o cal era preciso a concorrencia do designado como albacea, en fin unha situación verdadeiramente imposible de solucionar cuxa responsabilidade era totalmente allea a actuación municipal.

IX.- Unha vez aceptado o cargo, o que subscribe, volveu a manter, non seu despacho, unha reunión, nesta ocasión soamente co xa Albacea, na cal volveuse a aclarar todo tipo de cuestións tanto da tramitación do procedemento, especialmente en cuestión de nomeamento de Patróns, como en relación coa intención do Concello de Monforte de Lemos de facer un inventario de todos os bens mobles existentes nas vivendas que, fundamentalmente, constitúen o caudal fundacional, para o cal, se lle informou, xa se tiña presupostado pola empresa pública TRAGSA, para a execución de dito inventario. Nesa reunión o Albacea manifestou que necesitaba un período de tempo para estudar, en profundidade, os Estatutos, afirmación esta que sorprende ao que subscribe xa que segundo se expón non apartado V do presente informe, o albacea tiña coñecementos dos estatutos, como mínimo, dende súa entrega por parte dos representantes do Concello con data 20 de abril de 2021, aínda que segundo as súas propias manifestacións, como xa tense dito, era coñecedor deles, con anterioridade, “porque llos facilitou un partido político, que non é o seu”.

X.- Con base na anterior petición, mediante escrito de 6 de outubro de 2021, remitiuselle, unha vez máis, copia dos Estatutos, agora xa aprobados definitivamente, e copia do testamento. En dito escrito concedíase un prazo dun mes para solicitar canta información fose precisa, ao obxecto de comparecer para a firma da escritura
Acta Pleno da Corporación 25.04.22



notarial, que se fixou para o día 6 de novembro de 2021. O albacea non solicitou información ou aclaración algunha, nin fixo ningunha proposta non prazo concedido ao efecto, pero finalmente non compareceu á asinatura da escritura, todo elo sen dar explicación sobre a súa incomparecencia.

XI.- Ante tal actuación o Concello de Monforte de Lemos requeriu, novamente, con data 11 de novembro de 2021, para unha nova comparecencia, esta vez o día 17 de novembro de 2021, ao obxecto de proceder á sinatura do documento notarial.

XII.- O día 16 de novembro de 2021 o Albacea presenta escrito no que manifesta que non vai a acudir á sinatura da escritura, por canto, asegura, que a súa situación médica impídelle a deambulación e por canto, di, que non se cumpre a vontade da testadora (sen especificar en que extremos) e pon de manifesto a necesidade de formalizar un inventario que, como xa se expresou, xa está orzamentado polo Concello de Monforte de Lemos coa empresa pública TRAGSA.

XIII.- Independentemente das circunstancias puntuais pessoais do albacea, de saúde, a súa actuación, ao longo de máis de seis anos ten impedido á execución da vontade da testadora, pretendendo impoñer ao Concello de Monforte de Lemos a súa interpretación, sen concretar en que extremos, da situación, esquecendo que o Concello é quen representa os intereses públicos dos monfortinos e monfortinas. Como consecuencia de todo elo, carente de calquera fundamentación fáctica ou xurídica, a conclusión é que se está privando aos veciños e veciñas do Concello da prestación dunha actividade que redundará en beneficio dos mais necesitados.

XIV.- Ante tal situación a Xunta de Goberno do Concello de Monforte de Lemos acordou, previamente a interposición de accións xudiciais, nun último intento de que o Albacea reconsiderase a súa negativa, presentar ante o Xulgado de primeira Instancia e Instrución, un acto de conciliación, acto que se celebrou, sen avenencia ou pasado día 22 de marzo de 2022.

XV.- En dito acto o Albacea, volveu a incidir na posición, carente de fundamento fáctico e xurídico, que mantivo ata ese momento, facendo referencia, unha vez máis, a xeneralidades e pretendidos incumprimentos por parte do Concello, sen que se concretasen en que consistían ditos incumprimentos.

No acto de conciliación fixéronse unha serie de manifestacións que, como digo, carecen de calquera tipo de fundamento xurídico e fáctico que, a continuación, vanse a analizar.

- a) Califícase de mendaz a afirmación do Concello de que os Estatutos recollen a vontade da testadora xa que, manifesta que non cumpren nin no fondo nin na*



forma, coa encomenda que de modo que expreso e imponlle a causante no seu testamento; nin mesmo tampouco con a normativa legal de aplicación.


Sobre tal cualificación temos que acudir ao dicionario da Real Academia da Lingua para saber cal é o significado de dito calificativo. Pois ben, dito dicionario sinala que o significado é “mentireiro, que minte, especialmente si o fai por costume. Enganoso, falso”. Independentemente da calificación ética que se poida dar a tales calificativos, referidos a unha administración pública, o certo é que ademais tal calificativo é absolutamente falso.

Dunha mera lectura do texto pódese comprobar como no apartado da Normativa de aplicación dos Estatutosponse de manifesto que, entre ela se encontra o testamento da Sra. Foggia. ¿Como se pode dicir que non se cumpre a vontade da testadora cando aos propios Estatutos incorpórase o testamento?.

Afirma, sen xustificación algunha, que “non cumpren nin no fondo nin na forma”. Tal afirmación é absolutamente falsa. ¿Cales son os incumprimentos de fondo?. ¿Cales son os incumprimentos de forma?. Como é habitual vagas expresións, expresións sen xustificación de ningún tipo que o único que evidencian e o posicionamento do Albacea de que, por motivos que se descoñecen, espúreos ou non, o único que perseguen é que a Fundación non se constitúa e que a consecuencia sexa privar aos monfortinos e monfortinas dun servizo que só ten como finalidade a atención dos máis necesitados. Xeneralidades, inconcrecións, veladas desconfianzas, calquera argumento, por moi inxustificoado que sexa, é bon para basear a súa vontade obstrucionista.

- b) Manifestouse, en tono irónico, que o Albacea “congratúlase que o conciliante, despois de estar remoloneando con total falta de dilixencia e desinterese por a vantaxe que para o pobo de Monforte de Lemos, suporía o cumprimento da vontade da fundadora”.*

Do análisis feito sobre a actitude do Albacea, no relativo ao cumprimento da vontade da testadora e dunha mera lectura do apartado VIII do presente infórme, utilizando un calificativo empregado pola propia albacea, en este caso, si que é manifestamente mendaz. Procede, utilizando a mesma ironía que o albacea, se preocupe agora da vontade da Sra. Foggia, seis anos despois do seu pasamento, no que non fixo absolutamente ningunha das actuacións requiridas polo Concello, nin siquera das encargadas pola propia testadora. É



mais, se non é pola intervención do Concello, a data de hoxe nin sequera tería aceptado o cargo o Albacea.

- c) *O Concello, en ningún momento, adoptou acordo algún negando a capacidade do Albacea. Pola contra foi o que subscribe quen entendía, e segue entendendo, que ao ser o cargo de albacea mancomunado o feito do falecemento do outro albacea, determina a imposibilidade de actuar. Non obstante o Concello, a pesar desa fundamentada opinión, por ben dos veciños e veciñas, non só lle reconeceu tal capacidade, senon que foi o que tivo que tramitar a documentación para que puidera actuar.*
- d) *Manifesta, igualmente, que “o Concello aínda que erre na redacción dos Estatutos e desprezando as indicacións que respecto diso da súa improcedencia reiteroulle cumplidamente o albacea”. En relación con dita afirmación temos que por de manifesto que é absolutamente, carente de base e, en fin falsa. Onde se teñen expresado ditas indicacións?. En que escritos?. Cales son os erros?. En que documento o albacea fixo constar tales erros?. Aínda no caso de que existisen ditas indicacións por que teñen mais fundamento as dun particular interesado, polo que se constata, en que a Fundación non se constituía, que as do propio Concello que o único que defende é o interese público?. En fin, é unha nova xeneralización sen xustificación nin acreditación algunha. Si estimase que incorresen os Estatutos nalgúnha causa de nulidade o anulabilidade, por que non se interpuxo o oportuno recurso contra o acto administrativo de aprobación?.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.*
- *Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.*
- *Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego*
- *Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de interese galego.*
- *Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións.*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais.*
-



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- *Como xa se puxo de manifesto procede realizar unha análise do verdadeiro contido da disposición testamentaria realizada pola Sra. Foggia Vázquez e as consecuencias que ten para o Concello de Monforte de Lemos.*

Para analizar o contido do informe, que nos ocupa, e para centrar o obxecto de estudo do asunto temos que poñer de manifesto, como punto de partida, que a testadora institúe herdeira universal a unha fundación que será a responsable de cumprir o obxecto fundacional, xa que a estipulación testamentaria primeira dispón que a testadora “institúe herdeira universal de todos os seus bens, dereitos e accións a unha Fundación que o Concello de Monforte de Lemos (Lugo) co patrimonio da testadora deberá constituír coa finalidade de crear unha residencia de día para anciáns moi necesitados, sen recursos económicos, sen familia e sen saúde (é dicir afectados dalgunha enfermidade severa). A Fundación terá como nome “Fundación Foggia V. García.”

Por iso, en ningún momento, a testadora institúe herdeiro ao Concello de Monforte de Lemos. Por tanto non estamos ante a aplicación da normativa, en relación coa adquisición de bens por herdanza contida no Regulamento de bens das entidades locais xa que o Concello de Monforte de Lemos non adquire ningún ben ou dereito, posto que a herdeira universal de todos os bens é unha fundación que debería constituír o Concello. Este é pois o único encargo testamentario que, de ser aceptado, lle incumbiría ao Concello: a constitución desa fundación. Unha vez constituída sería ela a titular deses bens, nunca o Concello de Monforte de Lemos e unha vez constituída dita fundación, que por suposto tería carácter privado, finalizaría a actuación municipal.

En consecuencia non nos atopamos nun suposto de adquisición hereditaria, por parte de Concello de Monforte de Lemos de bens por herdanza e, por tanto, non é de aplicación a normativa contida no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Por outra banda, non estamos ante un suposto de prestación dun servizo público de carácter municipal, nin estamos ante un suposto de creación dun organismo autónomo (en calquera caso unha fundación nunca tería a cualificación de organismo autónomo), xa que esta é unha forma de prestación dun servizo público e o Concello de Monforte de Lemos non presta ningún servizo público, de acordo coa disposición testamentaria.

Finalmente o cumprimento da vontade testamentaria non supón a adquisición de ningunha obriga económica por parte do Concello de Monforte de Lemos.



SEGUNDA.- *Así as cousas como xa se ten dito o primeiro a concretar que non estamos ante un suposto de prestación dun servizo público por parte do Concello, e que este pretenda xestionar por medio da constitución dunha fundación. Isto, en principio, non sería posible sen dar lugar ao cumprimento do disposto na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LERSAL), sobre todo polas implicacións que esta norma supón tanto no que respecta á atribución de competencias municipais como no relativo ás medidas de redimensionamento do sector público local que se estableceron.*

CUARTO.- *Con base en toda a análise realizada é preciso pois, determinar cal é a situación na que se atopa o Concello de Monforte de Lemos en relación coa vontade testamentaria da Sra. Foggia. Neste sentido sinalar que o Concello cumpriu de forma dilixente todas as actuacións necesarias para a constitución da Fundación. Non en tanto dita Constitución non foi posible pola negativa, reiterada e inxustificada, documentalmente, do Albacea.*

SEXTO.- *O art. 898 do Código Civil, establece co “o albaceazgo é cargo voluntario” e o art. 899, continua regulando que “albacea que acepta o cargo constitúese na obrigaón de desempeñalo; pero poderá renunciar alegando causa xusta ao criterio do Secretario xudicial ou do Notario”. Pola súa banda o art. 901 dispón que os albaceas terán todas as facultades que expresamente lles conferiu ou testador e non sexan contrarias ás leis.*

SÉTIMO.- *Unha vez analizada a situación exposta nos puntos anteriores é o momento de determinar en que consiste a disposición testamentaria da Sra. Foggia, en relación co Concello de Monforte de Lemos.*

A aceptación do encargo realizado testamentariamente ao Concello de Monforte de Lemos, por parte da Sra. Foggia, é dicir, asumir a responsabilidade da súa constitución, é unha das denominadas potestades direccionais das administracións públicas que son aquelas nas que a administración, neste caso o Concello de Monforte de Lemos, non está abocado, na súa actuación a unha única posibilidade o que supón a existencia dun marco de funcionamento no que caben interpretacións, ao intervir un certo marxen de subxetividade. E dicir, si o Concello o estima conveniente pode aceptalo ou, se non o estima, non proceder a súa aceptación, baseándose para elo, como podía non ser doutra forma, no interese público concorrente no caso.

Á potestade discrecional implica unha facultade de opción entre dúas ou máis solucións, igualmente válidas, segundo a lei, pero como a discrecionalidade non equivale xamais a arbitrariedade e, o exercicio da potestade discrecional esixe que o



acto non que se concreta esa potestade sexa razoado (STS de 20 de setembro de 1994).

Dito razoamento para exercer a posibilidade de aceptación do encargo, que non obriga, feito pola Sra. Foggia, esta contido e razoado de forma explícita no acordo do Pleno do Concello de polo que se aprobou os Estatutos da Fundación.

O Concello de Monforte de Lemos desplegau todas as actuacións necesarias para cumprir dito encargo, a saber:

- *Aprobou os Estatutos da Fundación, en cumprimento do art. 12 a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego, establece ou seguinte:*
- *Solicitou certificación de denominación á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia (en dous ocasión xa que una delas caducou pola negativa do Albacea a elevar a escritura pública).*
- *Procedeu ao requerimento de aceptación dos patróns natos, designados pola Sra. Foggia.*
- *Procedeu a designación dos membros do Padroado contemplados nos Estatutos, dándolle a mesma composición que as Comisións informativas, co obxecto de que estiveran representados todos os Grupos Municipais.*
- *Tramitou a documentación para que o Albacea poidese aceptar o cargo, despois de máis de cinco anos de inactividade pola súa parte.*
- *Xestionou coa Notaria, en dous ocasións, a data da sinatura da escritura pública de constitución, á que o albacea negouse a asistir, nas dúas ocasións imposibilitando, a inscrición no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia, e polo tanto imposibilitando o inicio do seu funcionamento, todo elo en cumprimento do disposto no art. 11 a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego.*
- *Interpuxo demanda de conciliación, a que se ten feito referencia, co obxecto de o albacea se viñera a proceder a firma da escritura, conciliación que no foi posible, como tamén se ten dito, polas súas alegacións inxustificadas e xenéricas.*

Todo foi infructuoso, e non se pode esixir ao Concello que emprenda un debate, sen límite, sobre o contido e procedemento de aprobación dous Estatutos que, por certo, contan cos informes favorables desta Secretaría e da Intervención Municipal, cando o albacea, que é a quen lle corresponde a vixilancia do cumprimento da vontade da



testadora, oponse, sen xustificación algunha e baseándose en xeralidades non concretadas, a que culmine o arduo e fundamentado traballo municipal.

Polo tanto, analizada a situación, a discrecionalidade que deu lugar a adopción polo concello, fundamentándose no interese público, pode exercitala para desistir da constitución da Fundación baseándose na imposibilidade de elevación a escritura pública pola negativa do Albacea.

Sexto.- De decidirse o Concello por continuar cunha posible tramitación xudicial do procedemento, teño que poñer de manifesto que a situación sería a seguinte:

- *atopariámonos ante unha demanda de contía indeterminada polo que se tramitaría como procedemento ordinario ante os Xuzgados de Monforte.contra a sentenza que ditase o Xuíz de Primeira Instancia de Monforte podería interporse recurso de apelación ante a Audiencia Provincial de Lugo (Art. 455 LEC).*
- *A sentenza ditada pola Audiencia Provincial podería ser obxecto dalgún ou todos dos seguintes recursos (pódense interpor simultaneamente):*

1º Recurso extraordinario por infracción procesal ante a Sala do Civil e o Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (art. 468 LEC)

2º Recurso de casación ante a Sala Primeira do Tribunal Supremo o a Sala do Civil e o Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia –en función de si o recurso fúndase en infracción de dereito estatal ou autonómico- (art. 477 LEC), sempre que a resolución do recurso presente interese casacional.

Sétimo.- Así as cousas en relación coa finalidade que terían os bens non caso de que non se constituse a Fundación e, polo tanto, non procedese a sucesión testamentaria, temos que poñer de manifesto que é de aplicación o disposto no art. 267 Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

“Si non existisen persoas que teñan dereito a herdar de acordo co establecido na presente lei e o disposto nas seccións 1.ª, 2.ª e 3.ª do capítulo IV do título III do Código civil, herdará a Comunidade Autónoma de Galicia”.

Dacordo co art. 912 do Código Civil, ante a inexistencia, de herdeiros testamentarios establece as seguintes regras:

a) A sucesión lexítima ten lugar:



.....

4.º Cando o herdeiro instituído é incapaz de suceder.

Este é o caso en que nos atopamos xa que o herdeiro instituído, é dicir, a Fundación é incapaz de suceder por falta de personalidade xurídica pola negativa do Albacea a elevar a escritura pública, requisito imprescindible para a inscrición da Fundación non Rexistro galego de Fundacións.

A falta de herdeiros testamentarios, a lei difire aos parentes do defunto, ao viúvo ou viúva e ao Estado (art. 913 C.C.), de acordo coa seguinte prelación:

- a) Os fillos e os seus descendentes suceden aos seus pais e demais ascendentes sen distinción de sexo, idade ou filiación. (art. 931)*
- b) A falta de fillos e descendentes do defunto herdarán os seus ascendentes. (art. 935)*
- c) A falta de pai e de nai sucederán os ascendentes máis próximos (art.938)*
- d) En defecto de ascendentes e descendentes, e antes que os colaterais, sucederá en todos os bens do defunto o cónxuxe sobrevivente. (art. 944)*
- e) Os irmáns e fillos de irmáns suceden con preferencia aos demais colaterais. (art.946)*
- f) Non habendo cónxuxe supérstite, nin irmáns nin fillos de irmáns, sucederán na herdanza do defunto os demais parentes do mesmo en liña colateral até o cuarto grao (curmáns), máis aló do cal non se estende o dereito de herdar abintestato.(art. 954).*
- g) A falta de persoas que teñan dereito a herdar conforme ao disposto nas precedentes Seccións, herdará o Estado (Haberá de entenderse a Comunidade autónoma) (Art. 956).*

Non consta no expediente a existencia de herdeiros comprendidos apartados a), b), c), d) e e). Pola contra constan no propio testamento a existencia de parentes comprendidos no apartado f) (referencia que se fai as primas, se ben se descoñece en que grao) e, de non aceptar éstas a herdanza, sucedería a Comunidade Autónoma.



Polo anteriormente exposto o Pleno do Concello de Monforte de Lemos pode optar por unha das seguintes actuacións:

1º.- Continuar co procedemento xudicial sinalado na Consideración Xurídica 6ª do presente informe.

2º.-Deixar sen efecto o acordo do Pleno de data polo que se acordou constituír a Fundación Foggia Vázquez”.

PROPOÑO que polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos se adopte o seguinte acordo:

Deixar sin efecto o acordo do Pleno do Concello de Monforte de Lemos, de data 26 de abril de 2021 e, en consecuencia, deixar sin efecto a aceptación do encargo realizado testamentariamente por dona María Lucrecia Lilia Foggia Vázquez, para a constitución dunha fundación, “coa finalidade da posta en funcionamento dun centro de día para anciáns moi necesitados, sen recursos económicos, sen familia e sen saúde”, ante a imposibilidade da súa constitución pola negativa do Albacea á elevación a escritura pública da mesma.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres di que hai un aspecto xurídico e un aspecto político. Di que este equipo de goberno solicitou dous informes á Secretaría xeral e outro externo. Neste momento unha vez que a legalidade asiste, este alcalde considera beneficioso. En efectdo, se redactaron os estatutos, se solicitou autorización de denominación, se tomaron acordos plenarios, se procedeu ao nomeamento dos patronos, encargouse á empresa pública Tragsa un exhaustivo traballo impecable dende o punto de vista procedimental. Unha vez rematado o proceso atópase por ese inconveniente que é o albacea. A actitude do albacea resulta incomprendible, o albacea tardou máis de dous anos en comunicar o falecemento da testadora, tardou seis meses. SE mantiveron reunión unha antes e outra despois de aceptado o cargo, se lle animou a que presentara calquera proposta. En derradeiro extremo, se presentou unha demanda de conciliación no xulgado e tampouco nesta ocasión foi posible. Tal como consta o albacea non cumpriu ningún dos encargos da testadora. Podemos preguntarnos porque se chega a esta situación. O argumento que da o albacea é sempre o mesmo os estatutos non cumpre a vontade da testadora, e sobre todo saber en que non se axusta á legalidade.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que dende que leva os anos de concelleiro o respecto é maiosculo, non vai valorar o informe que se lles pasa para este tema.

Di que pasou exactamente o que dixo que ía pasar. Di que daquelas dixo de deixar riba da mesa, e hoxe votou na Comisión informativa a favor de deixar sen efecto o acordo de fai un ano, porque posiblemente había cousas que non se acolleran ao testamento. Polo tanto eles van votar a favor, si eso implica renunciar definitivamente en materia legal á formar a fundación, di que eles diran que queda riba da mesma. Propón unha mesa de traballo onde



se xunten os voceiros, o albacea para chegar a un acordo. Se votar a favor de deixar sen efecto este acordo plenario.


Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles fai un ano faloron de que non se lle estaba dando ao albacea o protagonismo o que tiña que ter e seguramente isto iría ao xulgado. Lendo a acta de fai un ano, o alcalde comentaba antes de tomar a decisión, senón que tamén consultaron a notarios, asesores. Aquí vése un ano despois ao mellor o papel do albacea é algo máis do que se quixo dicir aquí. No momento que se asinen os estatutos e se faga o padroado, xa sería cousa da fundación, se se pode ter unha fundación cun legado dunha señora que vai repercutir neste caso o que quería ela, chegar acordos con outras institucións, eles entenden que habería que facer o posible e o imposible para beneficiar as persoas con escasos recursos, di que aquí hai alguén que non conta a verdade, ao mellor falla a comunicación entre o goberno e o albacea, iso tamén poderían míralo. Se lle ocorre que el faga uns estatutos co Secretario, o que non ten sentido é deixar sen efecto.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que a tesitura que propón esta iniciativa de deixar sen efecto o acto de desistir de constituir a fundación, e por outra lado levar ao xulgado ao albacea. Di que o discurso vai na liña dos compañeiros de chegar a un acordo. Di que non queren pensar mal no albacea, di que lles molesta cando se fan declaracións sobre intereses ocultos, o albacea é unha figura importante e relevante para elevar a escritura pública. Se se houbese negociado co albacea sobre cal sería a maneira máis adecuado da constitución da fundación. Hai cousas que se dixeron aquí na apobación do estatutos non lles pareceu adecuado. Apoia as verbas de D. Emilio para chegar a un acordo co albacea. O albacea que non comunicou nada, o albacea non era o único designado no testamento o albacea ten que velar que o testamento se cumpra tal como o deixou a testadora, entón a finalidade é que o importante é chegar a un acordo para constituir unha fundación. Votar a favor da nulidade do acto sempre e cando se siga intentando. Fala de presentar un modelo de estatutos que o albacea o refrenda.

Intervén D. Ibán Torres é que para que exista un acordo hai que saber o que di o contrario. Di que non se sabe, haberá que traer algún tipo de proposta. A lei que a figura do albacea é executar o testamento, se quere algo máis que o pida, en calquera caso el ten que cumprir coas súas obrigacións. Di que eles non queren acudir ao xulgado. Aquí non se cumpríu nada, non se sabe nada, pero si o argumento é que on están de acordos cos estatutos e non se axusta á legalidade os estatutos e non indica o que, como argumento recorrente para non facer absolutamente nada. Este equipo de goberno fixo todo o que esta na súa man.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que con respecto a orde cronolóxico do Concello. Senón fixo esas cousas terá que dicir o defender como poda. Sempre se pode facer algo máis, é mellor un mal acordo que un bo pleito, busquen a mesa de traballo, se hai algún interese oculto sábese de seguida. Di que é unha humilde proposta e deberían facerlle caso para esa mesa de traballo para que isto saía adiante.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que vostedes están un pouco cansos de traballar tanto, tamén deixar entrever que pode haber oscurantismo por parte do albacea. Vostedes dixeron aquí que o tema do albacea que non era para tanto, agora debido a que non firma vamos deixar sen efecto o acordo, o anterior secretario non quixo tráelo. Este secretario o quixo traer, o ano pasado dixeron unha cousa e agora veñen con outra e agora o que se vai



facer é deixar sen efecto, ao mellor o problema o ten o equipo de goberno, ao mellor o albacea non está pola labor de sentarlle con vostedes.

Intervén D^a Katherinie Varela di que se van abster, desexando e ofrecéndose para colaborar co Concello para elaborar uns estatutos que o albacea refrende e se aproben.

Intervén D. Ibán Torres di que el non sabe se non o escoitgaron, máis de dous anos sen comunicar o falecemento da testadora, seis anos sen aceptar o cargo, se mantuvieron reunión en dúas ocasións, se lle deron todo tipo de explicacións, en dúas ocasións se lle convocou, presnee ppresentou unha demanda de conciliación para qu ecumprise o cargo . Non sabe que despois desto, as voltas que queiran dar. O que se non se vai estar cun procedemento de tratmitación, di que cren que é algo positivo ao 100%.

Intervén o Sr. Alcalde di que quede que quere claro a postura oficial que está amparada na legalidade. Cando o Sr. D. Germán se refiriu o anterior secretario non a trouxo, este a trouxo, quen fai a orde do día é o alcalde, os secretarios fan os informes, porque o anterior secretario fixo un informe negativo, porque tal como está o testamento, a sra. Di que se faga ese centro de día na Chacinera, e polo tanto ante un informe en contra non se trae. O secretario actual, atopou unha vía e por iso se trouxo , para dar cumprimento á vontade da testadora. Di que para dicir o protagonismo do albacea é para que se cumpra o testamento, unha vez que está cumprindo desaparece a figura, pero este señor non quere, nin deixalo, queda el so como albacea, soamente lle corresponde o que está escrito na lei, o houbera pedido que máis daba que estivera como patrono. A fundación a constitúe o oncello e designa o goberno, e os concelleiros que estean nese momento, serán os que figuren na fundación. Polo tanto se alguén no dixo a verdades en dúbida ese é o albacea, di que eles o din con informes xurídicos, e o que teña outro informe xurídico en contra que o poña riba da mesa. Hai unha cousa que é para nota, o sr. Albacea e o asesor, viñeron xunto o secretario, querían que se fixera un informe como dicían eles, incluso traían un libriño, con artigos de xuristas, e querían interpretar un artigo dun xurista de calquera avogado, e quería que fose dese artigo saíra un informe, porque é vergoñento, iso ocorreu aquí formalmente.

Dille a D. Emilio di vostede deixar sobre a mesa, haberá que tomar decisións, agora executáanse cousas, pódense equivocar, isto é gobernar,deixar sobre a mesa para que para alongar isto. Votarásese iso de deixar sobre a mesa. Di que se reuniu varias veces con ese señor, e cada vez unha película distinta, un pouco de seriedade. Tamén se fala de si hai outros intereses, di que el non afirma nada, porque escoita e lle transmiten coudsas, que non pensé o albacea que isto se acaba e vai facer o que lle dea a gana.

Dille a D^a Katherinie Varela di que non se quere perxudicar xudicialmente a ninguén, di que eles forzaron ata o momento de citalo a unha conciliación. Cando alguén non da a cara diante dun xuíz, é que algo hai algo escuro, porque o Concello foi alí cos informes e cos documentos, porque a outra parte non vai coa súa razón, polo tanto non queren perxudicalo. As responsabilidades dun e doutros son moi diferentes. Sinala que pretendían que aquí se fixera un informe favorecer das tesis do sr. Albacea e a composición do padroado non é cousa do albacea, iso defínese nos estatutos que aproba o pleno. Non sabe porque renunciaron outros albaceas, o que si o ten claro que eles aí non veían claro a aplicación do testamento, di que llo puxeron en bandexa para poder aplicar o testamento da señora. Cando remate todo xa se verá o que pasa.

En relación con reiterar a inactividad do albacea, a testadora faleceu 26.07.2016 e o primeiro escrito que presenta o albacea o 05.02.2018, preto de dous anos despois. Debería



explicalo. O albacea non acepta o cargo ata setembro do 2021, é dicir, presenta un escrito no 2018 sen ser albacea. O Concello foi quen levou a documentación ao notario, nin sequera foi el a levar a documentación ao notario para aceptar o cargo, polo tanto, non fixo nada do que esta obrigado polo testamento. As rentas están sen cobrar, as contas bancarias sen actualizar, os gatos das comunidades sen pagar, os impostos sen ambonar, a sepultura sen coidar, as misas que dicía señora no testamento, renovación da sepultura, responsabilidade todo do albacea, qué fixo este señor? En relación coa fundamentación negativa que fai ese señor, non pasa de meras xeneralidades, non concreta nin un so dos incumprimentos. Se houbera feito algún proposta, podería valorar, incluso aceptar, se fose razoable.

En relación coa valoración da herdanza, o Concello encargou un informe pericial a un tasador oficial, sobre a cuantificación dos bens que deixou a señora, o que non fixo a albacea. Para a súa información a contía total dos bens inmoables segundo o tasador ascende á cantidade de 1.257.473,00 euros iso é no que están valoradas as propiedades segundo o tasador, iso sen contar co diñeiro en contas correntes, cantidades pendentes de intervencións, preferentes, o albacea debería preocuparse de todas estas cuestións, no fixo absolutamente nada. Destino dos bens por non pode constituirse a fundación, segundo o código civil, entra en xogo a sucesión herderarían descendentes que non existentes, ascendentes que están falecidos, e por outro lado por consaguinidade, os primos. En ausencia de herdeiros, heredaría a Comunidade Autónoma, ao ter a testadora o domicilio en Madrid onde esta estaba, existe a posibilidade de quen herede sexa a Comunidade autónoma madrileña, parece ser que a comunidade autónoma de Madrid non ten dereito civil propio. Este é o triste fin o que o empecinamento do sr. albacea nos leva. Se algún familiar puider heredar iso, alguén se beneficiaría sen dúbida ningunha, conclusión quen lles fala , este alcalde fixo en todo momento o que os informes xurídicos lle dixeron. Os estatutos son practicamente na matriz son todos iguais, polo que as fundacións cumpren a lei de fundacións, o informe de secretaria foi emitido o 28.04.2021 case fai un ano, a elevación a escritura pública foi o 17.11.2021 e iso a pesar de todos os temas do COVID que non axudaron a todo isto, para el os feitos están claros e despois o representante legal do albacea encima acusa de actitude de pataleta ao Concello, como si esto fose unha gardería. Polo tanto xuzguen vostedes mesmos, cre que estes datos algúns nos se coñecían, e algún que valoren.

Pásase a votar a proposta do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias de que se deixe o asunto sobre a mesa, resultando o seguinte: rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

Sometida a votación á proposta da Alcaldía apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

5º.-MOCION DO PP PARA LEVAR A CABO MELLORAS NA SEGURIDADE VIAL NA PARROQUIA DE PIÑEIRA.

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor da concelleira do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.



Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1. Que o Concello de Monforte de Lemos solicite á Deputación Provincial de Lugo que se pinte un paso de peóns na LU P 3201 no lugar no que se dá lugar a parada do autobús escolar, e ademais fixar un badén uns metros antes de chegar a ese paso de peóns dirección Monforte de Lemos para limitar a velocidade dos vehículos.

2. Que o Concello de Monforte de Lemos solicite á Deputación Provincia lde que se habilite un carreiro peonil ao carón da estrada desde o complexo polideportivo A Pinguela ata a parroquia de Piñeira”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que no pasado pleno trouxeron unha iniciativa que viña a falar dos peóns da parroquia de Piñeira. Di que dende o bloque coinciden no espírito da iniciativa, fixar un badén na estrada, terán que ser técnicos que o valoren. Non poden quedarse soamente aí, hai un problema de tráfico na estrada da Vide, pero os que habitan as velocidades son extremas, tomar medidas a nivel de sinais, radar e demais, na parroquia de piñeira antes de chegar ao lugar de intersección da estrada de ourese, o radar ten parada fixa, se a xente non respecta os límites de velocidade algo haberá que facer. Di que eles van apoiar esta iniciativa, si que é certo que hai un problema e hai que buscarlle solución.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que ten claro que falan dunha estrada de titularidade da deputación, un paso de peóns e badéns para que se minore a velocidade serían dúas boas opcións e o mesmo pensan no carreiro peonil. Saben que en Monforte non se circula a 30, di que é algo no que hai que seguir traballando, cumprir as normas e sabelas cumprir.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que esa estrada é da Deputación, pode que debería que dirixirse á Deputación. As administracións funcionan de forma autónoma e reglada a dereito. Entende que non se poden tomar como recadeiros, vostede ten compañeiros na Deputación de Lugo. Vista a súa petición tamén as reclamacións habería que facelas á Xunta de Galicia, que lle parecen estas suxerencias que vai realizar, reclamar a mellora do corredor de Escairón autovía do corredor ata Monforte, corredor a Castro Caldelas, fágao e verá como este equipo de goberno a apoiará ata o final. Se vostede solicita todo isto teña por seguro que a van apoiar. Esa estrada LUP-301, une dous Concellos, o de Monforte é o de Sober, e unha vía de comunicación non unha vía urbana, ao ser unha vía de comunicación non permite badenes, nin pasos peonís, son de vía urbana e non de vías de comunicacións, esas sinalizacións son propias dunha vía urbana, os badenes son un perigo. Sinala que nos van apoiar.

Intervén D^a Katherinie Varela dille a D. Emilio que efectivamente que o problema que existe nesas estradas de acceso ao núcleo urbano, e que moitas veces pasa pola velocidade, a estrada da Vide, a estrada de Currelos, sucede coa estrada Valle Inclán e de feito aí se pintaron paso de peóns, badens. Esas zonas son as máis desprotexidas da cidade, o que lle reprocharon cando trouxo esa moción foi que non delimitara. En canto ao de solicitar á deputación directamente, di que o solicita ao equipo de goberno. Se están no certo que non



se permiten os badéns, di que cre que Piñeira debería estar delimitado como núcleo de poboación e como tal si se podería.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as estradas non son rúas, e a rúa de Sober, termina na Pinguela e a partir de aí xa non é casco urbán, o mesmo pasa coa estrada da Vide que non é urbana, a estrada de Currelos a partir da ronda María Emilia Casas non é urbana, hai que ver as cousas no seu contexto, porque non piden que se poñan estes pasos elevados na N-120, ou na carretera de Lugo, non se pode pretender ter estradas boas e que despois a sinalización a 70 que os coches veñan a 30, non é unha rúa. Cre que hai que ter claro que unha estrada non é unha rúa. Fíxese no cruce de cara ao canal, e no cruce da estrada de Ourense, antes de lindar coa estrada da deputación si que se pintaron pasos elevados e pasos de peóns. Os servizos públicos, bombeiros, ambulancias protestan polos pasos elevados.

Sometida a votación á moción rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

6º.-MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA SOLICITAR UNHA LIÑA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCÍONS PARA OS CLUBES DEPORTIVOS QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓNS NACIONAIS E INTERNACIONAIS.

Non se dictamina ao non estar presente o presentante da mesma.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Convocar unha liña extraordinaria de axudas ou subvencións para aqueles clubs deportivos que participasen como mínimo no Campionato de España, Europeo ou Mundial da modalidade deportiva durante o período que abrangue cada convocatoria”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura a moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que é algo complexo. Pero sí estaría ben que nos próximos orzamentos que aparece unha especie de bolsa ou remanente, pódese facer algo que nunca se fixo a previsión detes deportistas. Moitas destas modalidades que chegan a competir en campionatos son deportes minoritarios, pola súa natureza non poden dispoñer publicidade nas equipacións, son deportes individuais.

Intervén D^a Katherinie Varela di que van apoiar esta iniciativa, cunha normativa para esa axuda, cunha porcentaxe para os gastos, publicidade da cidade na equipación.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D. Germán que están de acordo en moitas das cousas que di no seu escrito. Di que chega tarde, porque este alcaldía dende que chegou apostou polo deporte, para que sexa un referente e algo prioritario. O que vostede pide xa está en marcha cumprindo a legalidade, para recoñecer o traballo dos deportistas e preparadores.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dille a D. Ibán que non entende nada, alegrese dos que os van apoiar e tamén porque si se está traballando niso, di que se levan a un montón de



equipos de voleibol, de piragüismo, de atletismo a competicións. Di que é certo que é o alcalde que máis aporta ao deporte desde que están aquí.

Intervén o D. Ibán Torres dille a D. Germán parece que se alporiza cando lle din que xa están traballando. Vostede non ten que dicirlle a eles como teñen que gobernar, e iso de que non entende nada non é así entende máis que vostede.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que se alegarn de que estén traballando nel.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está acostumado que se fagan obras moi importantes, e logo di que se rebaixe o IBI, pero para iso hai que ter fondos. Di que se está traballando nel, pode preguntarlle ao técnico de deportes. Claro que chega tarde, eles cando viron o problema xa se puxeron en marcha, o Neka xa o sabe porque foi informado delo. Fala vostede D. Germán que a Deputación ten subvencións de concurrencia competitiva e non competitiva, se foran de concurrencia competitiva en que beneficiaría aos clubs que participan nos campionatos. Aquí falouse que algún club segue cobrando o mesmo que fai anos, duplicouse a cantidade dende o ano 2015. Di que para el é unha honra que haxa unha monfortina con medalla de bronce, igual que no Quixós que está conseguindo moitísimos éxitos no piragüismo. Di que xa felicitaron ao clube por escrito e por vía telefónica, e canto sexa posible serán recibidos polo Concello. Espera que neste mesmo ano poidan recibir algún tipo de axuda por estes logros que tiveron en Corea.

Sometida a votación á moción rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

7º.-MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN CALENDARIO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS AO AIRE LIBRE.

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e da concelleira do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“-Que o goberno municipal elabore un calendario fixo de actividades deportivas populares e ao aire ao largo do ano.

-Que se recupere o día da bicicleta”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Gerán Vázquez amosa o seu voto a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela amosando o apoio á moción.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a aposta do Alcalde polo deporte de Monforte, en calquera caso ao longo do ano se están levando a cabo actividades deportivas colaborando o Concello. Hai que recoñecer que dende que o alcalde goberna se deu unha volta aos



campamentos de verán e a uns prezos moi económicos pensados para todo tipo de familias. Fala da financiación das escolas deportivas, están buscando a creación de espazos verdes, coa creación de novas instalacións lúdicas. En canto ao uso da bicicleta, cre que Monforte non necesita un día bicicleta, o día da bicicleta o xestionaba o club ciclista Monforte, o que si lle pode dicir, que se algún club decide celebrar o día bicicleta terá o apoio deste Concello, como actividade municipal nunca existiu. Polo tanto non van apoiar esta moción, todo o que vostede pide xa se está facendo na súa humilde opinión.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que cando explica a iniciativa se algún non entende que pregunte. Di que están ao tanto das cousas. O que se pide nesta iniciativa é a actividade deportiva ao aire libre para toda a familia, ter actividades que non están regulamentadas por ningún clube.

Intervén D^a Katherinie Varela di que ela entendeu o espírito da moción, non teñen nada que ver coas actividades que agora se fan, a moción a vai apoiar, porque escoitou ben todo o que dicía.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Ibán que lle disculpe se non lle entendeu ben. Agora vostede non di como vai ser, non desenrola os puntos. Vaile dicir algo máis osbre o que son as actividades deportivas, di que eles coas entidades deportivas non realizan calendarios fixos, a eles lles gusta apoialas pero non interferir, quizáis as necesidades Sociais vense mais cando emerxen da propia sociedade. Qué impostos deben subir? se están duplicando as actividades deportivas, pero non están dicindo que están en contra das actividades ao aire libre.

Intervén D. Emilio Sánchez é moi sinxelo, catro actividades, día da bicicleta, ligar que non se faga un calendario deportivo suben impostos, ninguén esta dicindo quitarlle poder aos clubes, simplemente actividades deportivas familiares ao aire libre, como foi a carreira popular que foi un éxito e moi ben organizado. Vostede celebre o día da bicicleta e chámeo a el que lle organiza. Di que eles seguirán traballando para que o faga algún club e se poña en contacto con vostedes.

Intervén o Sr. Alcalde di que calquera evento costa cartos. Na carreira popular a maiores traballaron máis de 50 persoas, que polo tanto hai custe.

Sometida a votación á moción rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

8º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 23.03.22M 01.04.22 e 11.04.22).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Acta Pleno da Corporación 25.04.22



PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE RE 5974

En relación as obras de rehabilitación da igrexa de San Vicente queremos saber:

1. Que medidas pensa tomar o Sr. Alcalde para evitar que a caída das tellas poda alcanzar a algún viandante.
2. Que medidas vai tomar o Sr. Alcalde para que se repare o tellado canto antes.

Resposta o Sr. Alcalde que as tellas xa o teñen contratado a Xunta de Galicia, é a igrexa e a Xunta, está en fase de contratación.

ROGO DE ESPERTA MONFORTE RE 5976

Teñan a ben arranxar o rexistro da rúa San Pedro para evitar máis tropezos e caídas .

Resposta o Sr. Alcalde que non ten ningunha constancia nin noticia que este rexistro sexa causa de caídas.

PREGUNTA DO PP RE 6104

.- Hai dous anos licitábase o concurso de deseño da ponte nova. Posteriormente compráronse dúas casas coa escusa da construción da Ponte Nova do Malecón. Actualmente non se contempla indicio algún de construción da nova ponte, o cal é preocupante se temos en conta os gastos nos que incorreu xa o Concello para a construción de esa ponte. Ten pensado o que vai facer o goberno municipal coas casas compradas en caso de non poder levarse a cabo a construción de Ponte Nova?

.- Nos reparos de intervención de fecha 23 de marzo aparece unha factura de 10.724,08 € con número de factura AL-98 e data 28 de febrero e concepto "Aluguer de grupo electrógeno de 100kw campo As Lamas e subministro combustible" Poderían explicar con máis detalle a finalidade de este concepto?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que lle alegra que esataban preocupados pola ponte. Non se preocupe pola ponte, a ponte vai ben, os tempos son importantes e cando se xestionan as cousas tamén, non se presentou aínda o proxecto á Confederación e tamén no Patrimonio da Xunta, porque está pendente de publicar, no mes de xuño, o novo plan hidrolóxico nacional, e polo tanto van esperar a coñecer en detalle como é para solicitar xa o informe e os permisos necesarios para a nova ponte.

En canto ao grupo electrógeno, dicir que nesa data Fenosa cortou a luz ao poboado xitano, eran uns días de moito frío e polo tanto se decidiu con urxencia alugar un xenerador para dar luz ás familias que viven alí en tempos de inverno. Agora dentro de pouco non sabe cando, porque as circunstancias cambian. De feito, hoxe mesmo asinou un contrato de compra un xenerador propio para o Concello.

ROGOS DO PP RE 6104

Na rúa Benito Vicetto á altura do cruzamento de Eduardo Pondal, existe un semáforo de vehículos e un paso de peóns. Rogamos procédase a estudar a posibilidade de establecer un semáforo de peóns nese punto.

Na praza da estación existen no firme do chan grandes fochas, mesmo aumentaron o número destes nas últimas semanas, producíndose fochas mesmo na zona de



titularidade municipal, o que é incoómodo para os vehículos,perigoso para os viandantes e pouco estético. Por todo o exposto, rogamos procédase ao seu arranxo na firme titularidade municipal e a solicitar á administración competente o arranxo do firme titularidade doutra institución.

Resposta o Alcalde en relación co semáforo haberá que consultarlo á Policía Local. En relación coa praza da estación, cre que aquí hai erros, a praza da Estación non é do Concello é do ADIF, toda a praza, o único que son do Concello son as beirarrúas, pero o que é a praza é do ADIF. Están facendo xestións co ADIF para que arranxen a praza.

ROGO DO BNG

Que o goberno municipal mediante convenio coa Consellería de Sanidade, doten ao futuro parque dun acceso peonil directo co Hospital Comarcal.

Resposta o Alcalde dicindo que as obras do parque xa volveron a empezar, e polo tanto a nova empresa ten o compromiso de telas rematadas no mes de xuño. Foi a empresa que fixo o parque da compañía e o parque do val de lemos, é unha empresa con solvencia técnica. Confía en que iso vai quedar magnífico. En relación co que vostede di, ten varios inconvintes, se partirán da vertiente do muro ocuparía un trozo grande da parcela do hospital, polo que non poderían actuar, se o fixeran retranqueado cara arriba, e logo se nos mandan pasear os médicos, unha beira por un lado e outra polo outro, o importante que se faga o parque e o estacionamento.

Remata a sesión sendo ás dez horas e vinte e oito minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE